

“Tratáronnos coma a malditos que non sabiamos escribir”

Montse Dopico | @montsedopico

Xosé Vázquez Pintor ten varias feridas abertas. Unha delas, as críticas á xeración dos que María Victoria Moreno chamou os *Novísimos*. Outra, a desolación do mundo rural, e a deserción dos galegos da súa propia lingua e cultura. E sobre elas alicerzou, en boa medida, a súa obra poética. Tirando para adiante. Coa liberdade na boca. Espiral Maior reuniu nun só volume os seus oito poemarios, xunto a dous máis, ata entón inéditos. Corenta anos de creación. Que repasamos con el.

Seara reúne 40 anos de poesía. Nótase ben como foron evolucionando os seus versos. Os primeiros riman...

Os do principio son, si, os da frescura. Xa digo no limiar que daquela eu era analfabeto en metáforas. Despois fun aprendendo e perdendo medos. Escribiamos o mellor que sabiamos. María Victoria Moreno reuniu nun libro a dez poetas daquel tempo, e chamounos os *Novísimos*. Pero xurdiron críticas, comezouse a dicir que o noso traballo tiña eivas... Tratáronnos coma a uns malditos que non sabiamos escribir. Pero fomos quen de seguir, en territorio hostil. Isto foi nos 70. Despois viñeron os 80, nos que os da poesía social xa chegabamos tarde, xa a moda era outra. Pero seguimos, cada un polo seu lado.

Os dous primeiros libros, *Gándaras* (1971) e *Terra e pan* (1975) comparten unha mesma homenaxe á terra e a reivindicación da liberdade nun país que sufrira unha guerra. Latexa neles a contestación ao franquismo, non si?

Si, eran tempos de censura, e eses libros conteñen algúns versos ousados, atrevidos, para a época, na miña opinión. Daquela eramos moi novos, e tiñamos aquela ilusión combativa. Desde a distancia non deixo de ver a inocencia daqueles versos, pois eu estaba aínda pouco ilustrado en poesía -outros membros do grupo sabían máis ca min-. De feito foi Alonso Montero a primeira persoa que comezou a axudarme con eles. Estabamos alí, en soidade, nun mundo hostil, fronte a un inimigo real, e aquela era a nosa loita. Queríamos aprender da militancia de Celso Emilio Ferreiro... O segundo libro puiden publicalo pola axuda que me deu o concello de Pontevedra, polos Xogos Florais. Antón Sobral fixera a portada.

En *O espertar tamén é noso* (1977), o terceiro, xa hai algún cambio: prosa poética, estruturas de diálogo... e a mesma fachenda de ser galegos. Xa no libro anterior estaba a lingua, aprendida na aldea, parte fundamental da identidade.

A poesía de combate xa estaba feita. E entón comecei a ir por outros camiños. Como o de enfrontarme ao territorio da aldea. Fun, si, a tumba aberta con ese cambio: os diálogos... E empecei

a recuperar a infancia, a puberdade, o amor... Quérolle moito a ese libro, que daquela saíra cunha edición moi modesta. E o da lingua, claro, é que é o meu fundamento, son escritor. Eu nacín en Melide, unha vila próspera, e aprendín a falar en castelán. Cando tiña catro anos mudámonos a Agolada, que era máis rural, e foi alí onde aprendín a falar galego. Outras mulleres dicíanlle a miña nai que eu era moi listo porque falaba ben o castelán... Pasado moito tempo escribín 'No corazón mancado', que lle dediquei a miña nai. Cando llo levei para ensinarllo ela xa non podía falar... foi moi emotivo. O galego é a lingua que nos pertence, a que quero, e teño claro que, a deserción, nunca. Sinto moita mágoa cando vexo xente de Ourense emigrada en Vigo que renunciou ao seu idioma. Os seus fillos xa falan castelán... A Coruña xa é outra cousa: Paco Vázquez non pode disimular a súa fonética galega por moito que o intente...

***Ofidios de diario* (1984) ten algo en común con *Os versos do zapateiro*, o seu último poemario: o diálogo con outros artistas. De Castelao a Lorca en *Ofidios*, a Manuel María, Cabanillas, Ánxel Casal, Alexandre Bóveda... no outro. Por que?**

Pois o certo é que en parte polas críticas que recibimos comecei a explorar outros mundos. Era tamén o soño de coñecer outros territorios: África, América... e coñecer aos grandes poetas, os grandes artistas. Xa tiña pagadas débedas máis urxentes, así que me dei ao ensoño da viaxe: como o afiador que vai polo mundo. Sempre quixen viaxar, coñecer outros universos: pero non puiden facelo. Entón fíxeno coa imaxinación. E xunto á idea de viaxe está a de saudade pola propia terra. Porque temos que coñecer outras realidades sen esquecer nunca a nosa. En *Os versos do zapateiro* o que fixen, realmente, foi reunir poemas que fixen por encargo. Por iso están dedicados...

***Na vertical da noite* (1990) explora o soño. Como nace este poemario?**

Pois dalgún xeito segue o camiño de descubertas de *Ofidios*, esa arela rompedora. Eu conseguín ir publicando grazas en boa media aos premios literarios. E así fun tirando, desde aquel malditismo. Era libre, non tiña que darlle explicacións a ninguén. E así xorden *Na vertical* ou *Rotación violeta*. *Na vertical* ten dúas partes. A primeira conecta máis con *Ofidios*. A segunda é un diálogo coas cousas íntimas: as túas amigas cando estás só ou estás sufrindo. É como unha entrega aos obxectos íntimos, unha confesión: desde a mesa ata o papel, ou palabras tabú coma o retrete. Non hai nestes poemas a mesma cadencia rítmica. Son menos metafóricos e máis directos, frescos.

Do mesmo ano é *No corazón mancado*. “Abre a porta aos anos e que entren coma lobos”, di. Hai reflexión sobre o paso do tempo, a morte, e tamén metaliteraria, non si?

É que chega un momento no que te fas adulto digamos dun xeito máis contundente, e comezas a enfrontarte en serio ao territorio do paso do tempo. Das fe do pasado, anuncias o futuro, falas dos medos, das ansias de supervivencia... Con todas as reivindicacións e as denuncias do que pasa, que eu nunca escapei da denuncia. Esa sociedade que nos impón que algunhas palabras son tabú, pois está detrás a mesma relixión vaticanista de sempre, e a súa influencia na educación. Reivindico cuestións coma a da lingua. Nese libro está un poema que recito moito, que fala da lingua como esencia e patrimonio... É un libro que ademais pasou un pouco desapercibido. A min gústame moito, vexo nel profundidade. Contén versos longos, de moito percorrido...

En *Rotación violeta* (1996) está moi presente unha temática moi repetida na súa obra, que é o ollar ao Outro, a outras culturas, a outras identidades. Fala de pobos asoballados. E están aquí tamén os seus versos eróticos, parte deles dedicados á homosexualidade. Dos poucos da literatura galega neste sentido. É así?

Sempre tiven esa inqueda da viaxe, como che dicía. E non puiden viaxar por cuestións familiares. Non puiden aprender idiomas e ler nas linguas orixinais. A universalidade é ademais algo moi propio dos galegos. Hai galegos en todo o mundo, convivindo con outras culturas. Vimos dunha cultura greco-latina, pero tamén somos atlánticos... A primeira parte de *Rotación* está estruturada sobre as 24 horas do día. O paso do tempo en cada hora. A segunda son os segundos, porque é o amor, a sexualidade, o erotismo, que é como un raio de luz, que chega e desaparece, sen que te decates do tempo. Falei de sexo, e fíxeno coas palabras prohibidas, como *cona*. Coas palabras tabú, de xeito directo. E iso abriume camiño para a miña novela *Para dicir abril*, que fala dunha rapaza lesbiana. Fun a tumba aberta con iso. E por eses mesmos anos, nos 90, xurdiu unha xeración de mulleres que falaban tamén do erotismo deste xeito. Moitas veces fálase da miña narrativa e esquecese que a miña poesía é onde nacen moitas das inquedanzas das novelas.

Moito aparece nos seus libros a imaxe da tribo. Por que?

Son fillo único e meus pais tivéronme xa sendo bastante maiores. Ademais tiña aos meus tíos. Crieime con todo o agarimo do mundo. Ese afecto crea unha dependencia, a protección da familia, a tribo. Despois ese sentimento estendeuse aos amigos. É a xente que te quere, que che axuda para o que precisas, como cando estás na ruína.

***Banzados*, do 2001, denuncia a renuncia á memoria. Reivindica a verdade, e que non esquezamos. Os topónimos aparecen -como no resto da súa obra- como símbolo desa memoria que se garda. Como son os seus canteiros símbolo do mesmo, non si?**

Si, o libro ten que ver co meu desencanto co que dicía antes, coa deserción da nosa identidade. Vivo en Cangas, e vexo o que pasa en Vigo. Ese xeito de entregarse á cidade e esquecer o rural, deixando que as casas caian. Esa desbandada, esa deserción, sobre todo da lingua. É a desolación do rural, feito deserto. Estudei, si, a lingua dos canteiros, coma as linguas doutros oficios, para o ensaio que escribín sobre o tema. E é moi grande a sabedoría que contén. Eu sempre digo que non invento nada coa lingua, que o léxico que utilizo está no pobo. Non é meu, está aí. Os mariñeiros, por exemplo, poden ser auténticos poetas. As palabras, si, gardan a nosa memoria...

Os dous últimos libros de Seara eran ata agora inéditos. O primeiro, *Anuncian aves*, reflicte as súas sensacións ante obras de arte de pintores e escultores. O segundo, *Os versos do zapateiro*, son eses poemas encargados. Pero volve falar de deserción da nosa identidade, da nosa historia... e do “desgobierno” que esmaga a lingua, a cultura, a paisaxe...

O primeiro é resultado de interpretar o mundo dos nosos pintores e escultores. A algúns coñecemos, como a Díaz Pardo, e a outros non. O libro é como unha crónica do que me transmitiron. Por sorte din con Espiral Maior, que edita os meus poemarios desde *Rotación violeta*. En *Os versos do zapateiro* está por exemplo o poema a Balbino. Un día chamoume Neira Vilas e pediumo. Ten que

ver co risco de perder a lingua... O de zapateiro é ademais un oficio que sobrevive grazas aos encargos. Falo de desgoberno, si, porque só hai que ollar a actualidade. Teño un poema dedicado a Man de Camelle, polo do *Prestige*, e aí está a destrución do medio. Do mesmo xeito que no de Balbino está a perda da lingua, da cultura... os malos camiños polos que os políticos nos están a levar.